

Plan integral de mellora da convivencia escolar en Galicia

Edita: XUNTA DE GALICIA.
Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Ilustración: Marisa Calderón

Imprime: Grafisant, S.L.

Depósito Legal: C 253/2007

PLAN INTEGRAL DE MELLORA DA CONVIVENCIA ESCOLAR EN GALICIA

Índice

1. INTRODUCCIÓN	9
2. CONSIDERACIÓNS TERMINOLÓXICAS E CONCEPTUAIS.....	11
3. A CONVIVENCIA NO CONTEXTO ESCOLAR	13
3.1. O Informe do Consello Escolar de Galicia sobre convivencia nos centros escolares	13
3.2. Informe sobre expedientes disciplinarios.....	14
4. OBXECTIVOS DO PLAN INTEGRAL DE MELLORA DA CONVIVENCIA.....	16
5. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN	17
6. TEMPORALIZACIÓN.....	18
7. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN	20
7.1. PRIMEIRA MEDIDA: Creación do Observatorio Galego da Convivencia Escolar	20
7.2. SEGUNDA MEDIDA: Análise periódica da incidencia	21
7.2.1. Estudos periódicos de investigación	21
7.2.2. Informe anual do Observatorio Galego da Convivencia Escolar.....	22
7.3. TERCEIRA MEDIDA: Coordinación interinstitucional	23
7.3.1. Colaboración entre distintas administracións	23
7.3.2. Establecemento de plans locais de coordinación.....	24
7.3.3. Colaboración con outras institucións	25
7.4. CUARTA MEDIDA: Accións dirixidas ao centro no seu conxunto.....	26
7.4.1. O Observatorio da Convivencia no Centro.....	26
7.4.2. O Plan de Convivencia do Centro	27
7.4.3. Regulamento de Réxime Interior	28
7.4.4. Plans de Acción Titorial.....	29
7.4.5. Absentismo escolar.....	31
7.4.6 Proxecto Educativo do Centro. Educación en valores democráticos	32
7.4.7 Xestión democrática da convivencia.....	33
7.5. QUINTA MEDIDA: Papel dos servizos de orientación.....	35
7.5.1. Dinamización das medidas curriculares e organizativas de atención á diversidade.....	35
7.5.2 Os servizos de orientación	37
7.5.3. Equipos de Orientación Específicos	39

7.6. SEXTA MEDIDA: A inspección educativa	41
7.6.1. Plan Xeral de Inspección.....	41
7.7. SÉTIMA MEDIDA: A formación do profesorado.....	42
7.7.1. A formación inicial	42
7.7.2. A formación permanente.....	43
7.8. OITAVA MEDIDA: Proxectos de innovación educativa.....	44
7.9. NOVENA MEDIDA: Colaboración coas familias	45
7.10 DÉCIMA MEDIDA: materiais, programas e recursos	46
7.11. DÉCIMO PRIMEIRA MEDIDA: Recomendacións	47
7.12. DÉCIMO SEGUNDA MEDIDA: Sensibilización da poboación en xeral	48
8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN	50
9. RECURSOS	51
10. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA.....	55

Prólogo

*“Non hai camiño para a paz,
a paz é o camiño.”*

Mahatma Gandi

A educación para a convivencia democrática, o traballo a favor da cidadanía e os dereitos humanos nos centros educativos, precisa da posta en marcha de plans de mellora da convivencia escolar, obxectivo básico que a administración educativa galega quere propiciar de maneira decidida e inequívoca no marco das súas competencias.

A través da presente publicación, quérense ofertar aos centros escolares unhas orientacións básicas que axuden a afrontar esta responsabilidade e este reto educativo.

Nun primeiro momento, dada a súa complexidade e o feito de que son múltiples as causas que poden afectar esta convivencia, precísase dunha análise rigorosa e contextualizada dos factores que inciden nela, promovendo a multidisciplinariedade á hora de abordalos no ámbito da máxima colaboración interinstitucional para o seu tratamento e prevención.

A continuación, cómpre que, de forma consensuada por toda a comunidade educativa, se planifique a mellora da convivencia, facendo uso dos mecanismos e órganos existentes nos centros. A elaboración deste plan debe partir dunha análise inicial da situación da convivencia no centro, do establecemento duns obxectivos debidamente temporalizados que se concretarán en actuacións desde as distintas instancias do centro, facendo explícitas responsabilidades, e finalmente do establecemento dos medios para o seu seguimento e avaliación, que darán lugar a outras accións de mellora.

A idea latente en todo o Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar en Galicia, e que debe concretarse nos distintos plans de convivencia dos centros, é a de que deben ser os propios centros educativos, en colaboración con outras institucións e organismos do contorno, os que establezan medidas desde o ámbito da prevención e da resolución pacífica de conflitos, o que require dun cambio na cultura escolar, na maneira en que percibe, sente, comparte e se compromete a comunidade educativa nos procesos de elaboración democrática de normas. Se fomos capaces de crear escolas democráticas,

agora deberemos asumir o reto de convertelas en escolas de democracia. Recorden que a democracia é o único contexto e condición que nos permite falar duna cultura de paz na nosa civilización.

Só partindo destas premisas seremos quen de acadar a principal finalidade da educación: a formación de individuos que non renuncien a ningunha das súas dimensións, nin á social nin á individual.

Laura Sánchez Piñón
*Conselleira de Educación e
Ordenación Universitaria*

1. INTRODUCCIÓN

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas, máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas.

Os distintos espazos, tempos e experiencias compartidas polos sectores da comunidade educativa no centro escolar son un marco ideal e privilexiado para o fomento da convivencia pacífica e democrática, así como para a creación dunha atmosfera educadora e solidaria, asumindo que no ámbito da escola se reproducen, en graos diversos, os conflitos que están presentes na sociedade e aos que o sistema educativo debe responder positiva e construtivamente.

A educación nos valores cívicos e democráticos, que establecen solemnemente a Declaración universal dos dereitos humanos e a lexislación internacional derivada, é un aspecto esencial da competencia básica social e cidadá que os distintos organismos supranacionais veñen promovendo desde hai anos. Consonte a isto, nos últimos anos as distintas Administracións educativas, os centros educativos e o seu profesorado, así como distintas entidades sociais galegas, promoveron diferentes iniciativas neste terreo, como os programas de convivencia escolar, actividades de formación do profesorado e mesmo a posta en marcha de plans concretos no marco dos respectivos proxectos educativos dos centros.

A recentemente aprobada Lei de fomento da educación e da cultura de paz, a nova materia de Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos no marco da Lei orgánica de educación, a Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a Lei reguladora da responsabilidade penal do menor ou a Lei galega para a igualdade de homes e mulleres teñen que contemplarse, tamén, no marco xeral dunha maior atención da sociedade e dos seus representantes polos novos e distintos aspectos dos conflitos de convivencia.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, consciente das súas responsabilidades e do seu compromiso inequívoco coa convivencia democrática e a solución pacífica de conflitos, quere promover este Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar en Galicia, informado polo Consello Escolar de Galicia, sobre a base do diálogo e o consenso entre os diversos sectores da comunidade educativa e de acordo coas diferentes institucións e administracións directamente involucradas nas cuestións de convivencia, co fin de promovela e fomentala activamente en toda a sociedade e, de maneira especial, no sistema educativo.

O Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar en Galicia quere propiciar cambios positivos nos centros educativos e no profesorado, nos modelos de organización escolar e na formación permanente. Neste contexto, terá unha relevancia especial a elaboración e posta en marcha de plans de convivencia escolar en cada centro que adapten ao seu respectivo ámbito os obxectivos, medidas e iniciativas que diseña e impulsa o Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar de Galicia.

En liñas xerais, o Plan Integral para a Mellora da Convivencia Escolar en Galicia analiza, nunha primeira alínea, a convivencia no contexto escolar, as problemáticas máis comúns e as principais investigacións arredor do tema, a situación actual en Europa e no conxunto do Estado, así como o estado actual da cuestión nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A continuación, o Plan explicita os obxectivos e os diferentes ámbitos de intervención, así como as distintas propostas de actuación cunha ampla serie de medidas, entre as que cabe destacar, pola súa importancia a creación do Observatorio Galego da Convivencia Escolar, o establecemento de plans locais e municipais de carácter interinstitucional e de coordinación, e as accións dirixidas aos centros educativos no seu conxunto.

Complétase o citado plan cunha serie de anexos informativos, así como con bibliografía e recursos de diversa índole.

2. CONSIDERACIÓNS TERMINOLÓXICAS E CONCEPTUAIS

Existen moitas definicións sobre a **violencia** e os seus múltiples tipos. A comunidade científica coincide en resaltar que as condutas que agreden física ou psicolóxicamente a alguén, e que pretenden causar dano, son condutas que se terían que caracterizar de violentas. Son moitos, porén, os tipos de violencia e as matizacións conceptuais sobre a mesma; tantos como os factores ou as causas que pretenden explicala para comprendela.

Así enténdese por violencia directa, física ou psicolóxica, aquela que as persoas máis facilmente perciben como tal, unha agresión, unha violación, un acto terrorista, a guerra... Fálase tamén de violencia estrutural, máis opaca, menos perceptible, e que ten que ver coa inxustiza, coa pobreza e a exclusión social ou coa miseria.

Tamén existe unha violencia simbólica, unha violencia virtual, uns comportamentos, unhas actitudes e uns contravalores transmitidos moitas veces polos medios de comunicación e as múltiples pantallas que, fundamentalmente, banalizan a violencia, a naturalizan, mesmo fan a poboación menos sensible coa dor e o sufrimento alleo.

Fálase, igualmente, da violencia doméstica para referirse á que ten o fogar como ámbito de actuación, como sucede co maltrato infantil, a violencia dos fillos e fillas para cos pais e as nais ou a violencia de xénero. Mesmo fenómenos e comportamentos que fai tan só uns anos non eran percibidos socialmente como violentos, hoxe resultan completamente intolerables.

Cando se fala de **conflicto**, de conflitividade, con frecuencia téndese a percibilo de maneira negativa e considérase que se debe fuxir deles. Isto acontece porque se confunden coa forma en que habitualmente se pretenden resolver, desde unha visión negativa do conflito. No entanto, a visión positiva considera que os conflitos existiron, existen e seguirán a existir no futuro, porque son o resultado da propia liberdade; das diferenzas de criterios; de aspiracións, desexos e intereses contrapostos das persoas, grupos ou nacións. A clave, polo tanto, non está en negar os conflitos, senón en aprender a resolvelos pacificamente, por medio do diálogo, da comunicación, do acordo, da negociación, do entendemento e da concordia.

Escóitase con excesiva frecuencia que a violencia é “*natural*” nos seres humanos. Esta “*naturalización*” da violencia está en contradición coas publicacións, estudos e investigacións da comunidade científica que insisten en reiterar que é a **agresividade** -ese estado de alerta diante dun perigo, real ou ficticio- a que se pode considerar como innata e non a agresión. Pola contra, a violencia apréndese; é o resultado dunha longa e continua aprendizaxe con axentes tan diversos como a familia, os medios de comunicación, os iguais e a sociedade en xeral. Polo mesmo, a violencia tamén se pode desaprender.

A **convivir**, a compartir vivencias xuntos, apréndese interactuando; fomentando as boas relacións interpersoais, o autocoñecemento, a autoestima, a autopacificación crítica; desde o diálogo, a escoita activa, a participación, o compromiso e a asunción de responsabilidades. Ademais, isto require un traballo compartido, sistemático e permanente no tempo.

Cando se fala de **matonismo**, de **acoso entre iguais** ou do chamado **bullying**, faise referencia a situacións reiteradas, dilatadas no tempo, de intimidación, ameaza, agresión ou abuso, que sofre unha persoa como consecuencia da acción doutra persoa ou dun grupo. Non se pode esquecer, tampouco, que existen outras formas de acoso entre persoas con diferentes roles.

Fálase de **vandalismo** cando se observan comportamentos ou actitudes de destrución e devastación no mobiliario, edificios ou recursos materiais dun centro ou das persoas, sen consideración nin respecto ningún. Estes comportamentos provocan unha grande alarma e non poden deixarse de lado, polo que cómpre intervir rapidamente con medidas disciplinarias, reparadoras e educativas.

A **disciplina** é un concepto que ten, na actualidade, connotacións negativas pola súa propia historia pasada, aínda que se sabe que é unha necesidade persoal e social. Por exemplo, a autodisciplina forma parte da bagaxe dunha persoa á hora de enfrontarse cun traballo ou con calquera actividade: educativa, laboral, deportiva ou doutra índole. En definitiva, insistir na disciplina fai referencia ao respecto a normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas como propias por todos os sectores implicados, sexa na aula, no centro ou en calquera organización social ou actividade.

Cando se fala de **comportamentos disruptivos**, os maioritarios nos centros educativos, faise referencia a moi distintos fenómenos que acontecen a diario e que poden estar relacionados co currículo (falla de hábitos de traballo, non realización das actividades escolares, despreocupación, etc.), cos compañeiros (mentir ou falsear a realidade, mostrar incapacidade para o diálogo, xogar dentro da clase interrompendo aos demais, etc.), co profesorado (mentir, falar a berros, a chulería, xogar dentro da clase para interromper, etc.) ou en relación co centro (non aceptar as normas, deambular polo centro). Ademais, hai que engadir outras problemáticas na relación socio-familiar: problemas familiares graves; proximidade ao mundo das drogodependencias; carencias afectivas, culturais e sociais.

O **absentismo escolar**, a falta de asistencia habitual ás aulas, non é un fenómeno moi frecuente, pero para atallalo é clave a colaboración interinstitucional e multidisciplinar no ámbito local e municipal.

Sobre estas e outras manifestacións das condutas contrarias á convivencia pacífica nos centros educativos trata de actuar o presente plan.

3. A CONVIVENCIA NO CONTEXTO ESCOLAR

A maioría das investigacións sobre a convivencia nos centros escolares coincide en sinalar que a situación global é bastante positiva e aceptable.

Con todo, existe unha percepción xeneralizada entre a comunidade educativa que fai referencia ao progresivo incremento dos problemas de convivencia nos centros educativos, especialmente na educación secundaria obrigatoria. Destaca polo seu interese, entre os estudos realizados en España, o *Informe do defensor del pueblo*.

No que se refire á situación actual nos centros educativos da comunidade galega, hai que facer referencia, fundamentalmente, aos datos achegados polo *Informe do Consello Escolar de Galicia sobre convivencia nos centros escolares de Galicia*, e os datos sobre porcentaxes de expedientes disciplinarios referidos ao curso 2004-05 e anteriores, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3.1. O Informe do Consello Escolar de Galicia sobre Convivencia nos Centros Escolares

É un amplo e complexo estudo sobre o tema, utilizando unha mostra de 907 directores e directoras de centros de educación primaria e secundaria, 836 profesores e profesoras, 4.801 alumnos e alumnas e 3116 pais e nais de alumnado, publicado no ano 1999. Del cabe destacar as seguintes consideracións xerais:

- Cómpre ter unha visión proactiva da convivencia e non só reactiva. É preciso manter unha visión ampla e positiva da convivencia nas escolas, como un factor clave na calidade dos procesos educativos, e non limitala á xestión dos conflitos e da violencia escolar.
- A importancia dada á violencia nas escolas, sobre todo nos medios de comunicación social, proxecta unha carga negativa que podería xustificar a necesidade de adoptar medidas de tipo punitivo, evitando facer unha análise complexa e preventiva, como se suxire nos acordos da Conferencia de Utrech (1997) sobre *Seguridade na escola*.
- A escola é un reflexo do que acontece na sociedade. A cultura competitiva e a problemática socio-familiar proxéctanse na convivencia escolar.
- As características particulares da escolarización impoñen un certo nivel de conflito nas relacións. A escola exerce un nivel de presión e de violencia simbólica sobre o alumnado: a asistencia obrigatoria ata os 16 anos, que esixe determinados cumprimentos e a aceptación de normas non sempre suficientemente consensuadas.

- Os datos globais do estudo mostran unha perspectiva xeral favorable con respecto á convivencia nas escolas galegas, aínda que na parte máis cualitativa das entrevistas se detectan problemas concretos.

Desde o último informe xeneralizouse a implantación da ESO co conseguinte incremento de alumnado de 14 a 16 anos que permanece obrigatoriamente no sistema, cunha alta desmotivación, e que suscita frecuentemente problemas de convivencia. A escolarización obrigatoria ata os 16 anos é un feito moi positivo, pero esixe medidas especiais de diversificación e flexibilización curricular para non incrementar os problemas de convivencia.

3.2. Informe sobre expedientes disciplinarios

Un indicador inicial do estado no que se atopa a convivencia nos centros educativos de Galicia pode ser a porcentaxe de expedientes disciplinarios que se levaron a cabo nestes últimos cursos, aínda sendo conscientes da febleza deste instrumento de medida para situacións tan complexas como as da convivencia e da conflitividade. A súa verdadeira potencialidade como instrumento pode estar na evolución deste indicador ao longo dos últimos cursos, máis ca nos valores obtidos cada ano. Hai que ter en conta que aquí só se contemplan os casos de maior conflitividade, aqueles que rematan coa tramitación dun expediente disciplinario.

Durante o curso 2004-05 foron incoados 962 expedientes disciplinarios nos centros educativos de Galicia, o que significa una taxa do 0,314% de expedientes, ou dito doutra maneira: de cada mil alumnos só tres estiveron implicados en expedientes disciplinarios. O incremento foi dun 6,79% con respecto ao curso anterior. Por etapas, o alumnado con máis problemas foi o da ESO, cun 0,861%, o que significa que conflitividade desta etapa é case tres veces superior á media.

A evolución comparativa dos expedientes desde o curso 2000-01 ao 2004-05 é a seguinte: 2000-01 (0,28%), 2001-02 (0,30%), 2002-03 (0,27%), 2003-04 (0,29%), 2004-05 (0,31%). Pódese constatar que a tendencia deste indicador é bastante estable neste período, entre 2,7 e 3,1 expedientes por 1.000 alumnos e alumnas.

A conclusión xeral que se pode extraer dos datos dos que se dispón apunta a que a convivencia nos centros educativos de Galicia é valorada globalmente como positiva. Só cabe sinalar un lixeiro incremento da conflitividade nos últimos cursos da educación secundaria obrigatoria; isto fai aconsellable tomar medidas de prevención e intervención integral, coa elaboración de plans de convivencia contextualizados.

Sen que a situación se poida considerar como alarmante, é o momento de facer unha proposta preventiva de carácter global e interdisciplinar. En definitiva, transformar a forma de ver e pensar sobre a convivencia e os conflitos.

4. OBOECTIVOS DO PLAN INTEGRAL DE MELLORA DA CONVIVENCIA

O Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar en Galicia propónse os seguintes obxectivos:

- Desenvolver nos centros educativos da comunidade os valores e a práctica dunha cidadanía responsable, asentada nos hábitos democráticos de convivencia así como nunha cultura cívica e nos valores de respecto e de tolerancia, integrando as achegas doutras culturas.
- Promover a sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Fomentar a coordinación entre os distintos niveis da administración educativa e con outras institucións directamente implicadas en temas de convivencia, desde unha perspectiva de prevención e intervención interdisciplinar.
- Promover a investigación sobre o estado actual da convivencia nos centros educativos, para mellorar o coñecemento real do fenómeno da violencia escolar así como para avaliar as iniciativas e intervencións que se emprendan.
- Tomar conciencia da existencia dos conflitos en todos os ámbitos da vida e da necesidade de afrontalos de modo non violento, impulsando a adquisición de competencias e habilidades sociais que favorezan a súa resolución pacífica.
- Proporcionarlles aos profesionais da educación a formación que lles permita avanzar na comprensión da natureza deste fenómeno e no coñecemento de procedementos e estratexias que contribúan á súa mellora.
- Impulsar programas de prevención da conflitividade e da violencia nos centros docentes, promovendo a posta en práctica de accións educativas que redunden na mellora do clima escolar; favorecendo a súa difusión, o intercambio de experiencias e o aproveitamento de materiais e de recursos.

5. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

O conxunto das accións previstas neste Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar en Galicia contéplase desde dúas perspectivas: a de prevención e a de intervención.

A primeira delas trata de fomentar un clima de convivencia nos centros que faga difícil a aparición de condutas violentas. Para iso, propóñense medidas de distinto tipo que van desde as curriculares e organizativas á formación do profesorado, pasando pola promoción de plans de mellora adaptados aos contextos particulares de cada centro.

Por outra banda, desde a perspectiva de intervención, as actuacións implican o tratamento global da situación, implicando, de xeito coordinado, aos distintos servizos e facilitando tempos e espazos para que os diversos profesionais poidan traballar de xeito colaborativo.

Unhas e outras tratan de conformar un plan coherente de actuación, realista, eficaz e avaliable, que contribúa á mellora real do clima de convivencia nos centros e, de máis a máis, á mellora da calidade que se dá neles.

6. TEMPORALIZACIÓN

O período de aplicación do presente plan será de tres anos. As accións que nel se contemplan está previsto que se inicien ao comezo do vindeiro curso académico 2007/08, polo que se establece a data de xuño de 2010 para a finalización e avaliación do mesmo.



7. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

A continuación preséntase un paquete de medidas coas que se trata de concretar as actuacións máis significativas que se van desenvolver desde esta Consellería.

Ofrécese unha descrición de cada unha delas na que se detallan os seus aspectos máis significativos, o procedemento para a súa realización, así como os organismos, grupos ou persoas máis directamente implicadas na súa xestión e desenvolvemento.

7.1. PRIMEIRA MEDIDA: Creación do Observatorio Galego da Convivencia Escolar

O Observatorio Galego da Convivencia Escolar enténdese como un órgano consultivo e asesor, encargado da realización e difusión de estudos e de experiencias, do intercambio de iniciativas e do asesoramento especializado.

ACTUACIÓN:

1. O Observatorio dotarase do rango normativo que permita o establecemento de relacións institucionais formais entre distintas consellerías. O seu funcionamento estruturarase en tres niveis interrelacionados entre si: nivel autonómico, nivel provincial e nivel de centro educativo, tendo en conta tamén o ámbito comarcal. A súa organización e funcionamento será en Pleno, sen detrimento da existencia de Mesas Técnicas de traballo e dunha Comisión Permanente que lle dea coherencia ao traballo do Observatorio nos distintos niveis. A súa composición, en cada nivel, será multisectorial, con representantes pertencentes a todos os sectores sociais con responsabilidades neste tema. Entre as súas funcións estarán a de avaliar sistematicamente a situación da convivencia nos centros educativos, propoñer iniciativas de cara á mellora do clima escolar e informar e asesorar á comunidade educativa e ás institucións en relación coas cuestións de convivencia, en especial ao profesorado, ás familias e ao alumnado.

RESPONSABLES:

1. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

PROCEDEMENTO:

1. Publicación no Diario Oficial de Galicia da creación do Observatorio Galego da Convivencia Escolar.

7.2. SEGUNDA MEDIDA: Análise periódica da incidencia

7.2.1. Estudos periódicos de investigación

Enténdese imprescindible o coñecemento da situación real da convivencia nos centros educativos da nosa comunidade como punto de partida para a toma de decisións en relación a este tema.

ACTUACIÓN:

1. Elaboración de investigacións periódicas sobre o estado da convivencia dos centros educativos da nosa comunidade.

RESPONSABLES:

1. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

PROCEDEMENTOS:

1. Investigacións e estudos promovidos polo Observatorio Galego da Convivencia Escolar.

2. Realización de investigacións en colaboración coa universidade e/ou outros organismos especializados.

7.2.2. Informe anual do Observatorio Galego de Convivencia Escolar

Enténdese como un documento fundamental para o seguimento da realidade nos centros educativos no referido á convivencia.

ACTUACIÓN:

1. Establecer entre as competencias do Observatorio Galego da Convivencia Escolar no nivel autonómico a elaboración dun informe anual sobre a convivencia escolar.

RESPONSABLES:

1. Observatorio Galego da Convivencia Escolar.

PROCEDIMENTO:

1. Elaboración de informes nos diferentes niveis nos que se configura o Observatorio (de centro, provincial, autonómico). Remisión ás mesas de traballo ou comisión permanente do Observatorio no nivel autonómico. Estudo, valoración e síntese das achegas máis salientables. Incorporación ao informe doutros aspectos do labor desenvolvido en relación ao conxunto das funcións que lle son propias. Difusión das conclusións máis xerais.

7.3. TERCEIRA MEDIDA: Coordinación interinstitucional

7.3.1. Colaboración entre distintas Administraciones

A colaboración entre as Administracións enténdese imprescindible para o tratamento integral da convivencia, dado que as implicacións destes temas van máis aló dos límites puramente educativos.

ACTUACIÓN:

1. Iniciar roldas de toma de contacto entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar; a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a Consellería de Sanidade (Servizo de Saúde Mental e outros); e as Administracións locais para determinar ámbitos de colaboración.

RESPONSABLES:

1. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Responsables das distintas Administracións.

PROCEDIMENTO:

1. Establecemento de compromisos de colaboración mediante a sinatura de acordos, convenios e protocolos entre as partes.

7.3.2. Establecemento de plans locais de coordinación.

Enténdese que os centros escolares comparten a tarefa de educar con outras institucións e Administracións locais, coas que deben actuar en coordinación e colaboración, polo que estes aspectos deben ser obxecto de planificación.

ACTUACIÓNS:

1. Posibilitar canles e espazos de comunicación e de coordinación entre os centros escolares e as Administracións locais e outras institucións, de cara a actuacións conxuntas: planificación da vixilancia dos contornos escolares, atención coordinada do alumnado inmigrante, colaboración cos servizos médicos de atención primaria e outros servizos sociais da zona.
2. Establecer protocolos de actuación entre os servizos médicos de atención primaria, os servizos sociais da zona e o centro educativo en todos os casos, sobre todo naqueles centros educativos onde se escolarice alumnado con trastornos psíquicos graves.

RESPONSABLES:

1. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Consellería de Sanidade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Centros educativos. Administracións locais.

PROCEDEMENTOS:

1. Na normativa que regule o Observatorio Galego da Convivencia establecerase a canle para que se posibiliten espazos de coordinación interinstitucional, e encomendaráselle ao propio Observatorio, entre outras, a función de dinamizar e velar pola dita coordinación.

2. Formalización de protocolos de colaboración entre as partes, se for o caso.

7.3.3. Colaboración con outras institucións

Ademais das distintas administracións, enténdese que no contorno dos centros educativos existen institucións, normalmente do ámbito local, que poden desenvolver un importante papel na mellora dos citados centros (asociacións de voluntariado, Cáritas, Deputacións, Cruz Vermella, etc.)

ACTUACIÓN:

1. Establecemento dos recursos e medidas necesarias para facilitar que os profesionais de diversas institucións do contorno se poidan reunir para intercambiar información e coordinar medidas de prevención e intervención.

RESPONSABLES:

1. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, outras consellerías e entidades de ámbito local.

PROCEDEMENTO:

1. Establecemento de protocolos, acordos de colaboración, convenios, así como calquera outro procedemento que se estime oportuno para establecer os mecanismos de colaboración.

7.4. CUARTA MEDIDA: Accións dirixidas ao centro no seu conxunto

7.4.1. O Observatorio da Convivencia no centro

Constitúe o último nivel de concreción do Observatorio. Ten como función específica a coordinación de actuacións conxuntas relacionadas coa mellora da convivencia no propio centro educativo.

ACTUACIÓN:

1. A composición e funcións deste nivel do Observatorio regularase especificamente na normativa pola que se crea este. Estará integrado por membros da comunidade educativa, do propio centro e das administracións locais e a súa función primordial será a dinamización do Plan de Convivencia do propio centro.

RESPONSABLES:

1. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

PROCEDIMENTO:

1. Publicación no Diario Oficial de Galicia da creación do Observatorio Galego de Convivencia Escolar.

7.4.2. O Plan de Convivencia do centro

Enténdese como a ferramenta para que todos os centros educativos, en función da súa situación e necesidades, establezan as medidas que consideren máis axeitadas para promover procesos que permitan a mellora da convivencia no mesmo. Estará incluído no Proxecto Educativo do Centro.

ACTUACIÓN:

1. Avaliación inicial sobre o estado da convivencia no centro en base á información ofertada polos distintos sectores da comunidade educativa. Deseño do plan en que se inclúan: obxectivos, actuacións (co profesorado, co alumnado, coas familias, co persoal non docente e, de ser posible, coa totalidade da comunidade), recursos (tanto humanos como materiais, propios e alleos), prazos e responsabilidades, así como o procedemento para o seguimento e avaliación do mesmo. Deberá ser froito do debate e consenso da comunidade educativa e, especialmente, dos órganos de representación e coordinación do centro. O plan debe caracterizarse por ser: contextualizado, factible, preventivo, progresivo, colaborativo e institucional.

RESPONSABLES:

1. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Equipos directivos dos centros escolares, coa colaboración da comunidade escolar e, en especial, do claustro do profesorado.

PROCEDEMENTOS:

1. A Administración educativa determinará os elementos mínimos que deben constituír o Plan de Convivencia de cada centro, sen prexuízo do que estableza a normativa estatal. Elaboración no primeiro trimestre de cada curso escolar. Incorporación como anexo á programación xeral anual. Avaliación e propostas de mellora recollidas na memoria anual. Serán o punto de partida do plan do seguinte curso escolar.

2. Aprobación do Plan de Convivencia por parte do consello escolar.

7.4.3. Regulamento de réxime interior

Enténdese o regulamento de réxime interior (RRI) non só como un código de sancións, senón como a concreción e aplicación das normas que rexen as actuacións dos centros educativos. Como documento vivo que é, debe ser periodicamente revisable, polo que se propón:

ACTUACIÓNS:

1. Promover a elaboración de normativa propia da Comunidade Autónoma no referido a dereitos e deberes do alumnado.

2. Incidir na necesidade de avaliar o actual regulamento de réxime interno de cada centro, cun triple obxectivo:

- A súa actualización.
- A necesidade de dar canles á participación do alumnado (hai que ter en conta que este se renova periodicamente) na negociación das normas que lles afectan de maneira directa.
- A posibilidade de incorporar nel, non só medidas punitivas para a compensación das faltas, senón tamén aspectos relacionados cos criterios organizativos, cos servizos á comunidade, co acollemento aos programas de mediación, coa participación en proxectos de aprendizaxe e servizos, etc.

RESPONSABLES:

1. Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

2. A Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, a través dos servizos provinciais de inspección educativa.

PROCEDIMENTOS:

1. Elaboración de normativa e publicación no Diario Oficial de Galicia.

2. Establecemento no Plan Anual de Inspección do asesoramento e supervisión dos regulamentos de réxime interno dos centros como unha liña prioritaria de actuación para este colectivo.

7.4.4. Plans de Acción Tutorial

Enténdese como o documento que concreta as actuacións do primeiro nivel de orientación, aquel que corresponde a todo o conxunto do profesorado, por formar parte do seu rol docente.

ACTUACIÓN:

1. Seleccionar aqueles ámbitos do Plan de Acción Tutorial (PAT) que máis inciden na convivencia e revisar a súa adecuación:

- Establecer criterios claros para a adxudicación das tutorías, dentro do respecto ao establecido na normativa correspondente, como poden ser: a preferencia de profesorado definitivo, aquel que imparta docencia a todo o grupo ou que opte preferentemente por dar continuidade ao seu labor tutorial.
- Incorporar contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos e a dinámica de grupos, procurando que se poñan en evidencia estes contidos e abordando, mediante a participación do grupo clase, sesións de valoración da convivencia.
- Incorporar obxectivos a curto prazo referidos a algún aspecto moi concreto da convivencia: coidado das entradas e saídas das clases e do centro, uso respectuoso da linguaxe, normas de corrección no trato ou coidado dos materiais e instalacións.
- Mellora das canles de comunicación coas familias que cada centro ten establecidas.
- Revisión das funcións do profesorado tutor en relación a temas de convivencia.

2. Facilitar a coordinación entre o profesorado tutor e o Departamento de Orientación do centro en todos os niveis educativos

RESPONSABLES:

1. Equipos docentes dos centros educativos. Comisións de coordinación pedagóxica. Departamento de Orientación dos centros. Inspección educativa.

2. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Equipos directivos dos centros.

PROCEDEMENTOS:

1. Solicitalles aos centros que, na programación xeral anual, incorporen obxectivos referidos aos aspectos do plan de acción tutorial que pretenden mellorar, e nos que se van centrar ao longo do curso. Incorporación das novidades á memoria anual.

Análise das principais modificacións incorporadas polos centros mediante o establecemento dunha mostra significativa. Obtención de conclusións. Elaboración dun informe e difusión deste aos membros da comunidade educativa con responsabilidades neste tema.

Indicacións, na circular anual de orientación, para que os servizos de orientación atendan, prioritariamente, o asesoramento aos equipos docentes respecto dos aspectos do plan de acción tutorial establecidos como de revisión prioritaria para o curso correspondente.

Indicacións no plan xeral de inspección educativa respecto do asesoramento e supervisión, de acordo coas suxestións que no seu momento formule a Subdirección Xeral.

2. Instrucións por parte da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e da Secretaría Xeral (Subdirección Xeral de Persoal) que permitan a actuación establecida.

7.4.5. Absentismo escolar

Enténdese como a falla de asistencia habitual ás aulas e considérase que a súa prevención redanda na mellora do clima escolar e na calidade do ensino.

ACTUACIÓNS:

1. Establecemento de colaboracións entre institucións, co fin de elaborar protocolos de actuación conxunta para a prevención e o tratamento do absentismo.
2. Establecemento de medidas de apoio que colaboren na redución do fracaso escolar e, polo tanto, incidan tamén no absentismo escolar.

RESPONSABLES:

1. Observatorio Galego da Convivencia Escolar.
2. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

PROCEDEMENTOS:

1. Establecemento de protocolos de actuación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as restantes consellerías e administracións representadas no Observatorio Galego da Convivencia Escolar.
2. Dinamización das medidas curriculares e organizativas de atención á diversidade (ver medida 7.5.1).

7.4.6 Proxecto Educativo do Centro. Educación en valores democráticos

Enténdese como o documento onde se definen con claridade as intencións educativas de cada centro e os obxectivos que persegue.

ACTUACIÓN:

1. Revisar os obxectivos xerais propostos no Proxecto Educativo de Centro á luz do tema da convivencia e ver se:

- están incorporados obxectivos referidos á convivencia e á resolución pacífica de conflitos
- está definido, nas liñas de identidade, o tipo de convivencia polo que se traballa e os ámbitos nos que se traduce: a educación intercultural, a democratización da vida do centro, o pluralismo ideolóxico, a educación para a igualdade de xénero, a educación afectivo-emocional, etc.

RESPONSABLES:

1. Equipos directivos dos centros educativos. Claustros do profesorado. Consellos escolares. Comisións de coordinación pedagóxica. Departamentos de orientación dos centros.

PROCEDEMENTO:

1. Solicitar dos centros que, na programación xeral anual, incorporen obxectivos referidos á revisión do Proxecto Educativo do Centro, nos aspectos que teñen que ver coa convivencia. Incorporación dos cambios á memoria anual. Supervisión e asesoramento da inspección educativa. Formación desde os Centros de Formación e Recursos.

Indicacións, na circular de orientación, para que os servizos de orientación atendan, prioritariamente, ao asesoramento dos aspectos do Proxecto Educativo do Centro establecidos como de revisión prioritaria para o curso correspondente.

7.4.7 Xestión democrática da convivencia

Enténdese como o incremento dos niveis de participación e de corresponsabilidade dos distintos estamentos da comunidade educativa.

ACTUACIÓNS:

1. Revisión dos mecanismos de participación na vida do centro dos distintos estamentos da comunidade educativa:

- **O alumnado:** o seu papel como axente activo da convivencia no centro, na negociación das normas de convivencia, na dinamización da xunta de delegados, na mediación escolar e na titorización entre iguais; os seus deberes respecto dunha conduta respectuosa para cos seus iguais e para cos adultos, etc.
- **As familias:** a dinamización das asociacións de nais e pais dos centros. A colaboración co centro educativo nas actividades complementarias e extraescolares. A integración no desenvolvemento das diferentes actividades do centro. A responsabilidade con respecto aos seus fillos e fillas no referido ao estudo.
- **O profesorado:** o establecemento de horarios que faciliten a coordinación e o intercambio cos demais profesores e profesoras que imparten docencia ao mesmo grupo, así como a coordinación co restante profesorado. A participación nas actividades de formación e actualización en aspectos metodolóxicos e didácticos. A incorporación de liñas de traballo cooperativo e de investigación-acción.

2. Incorporación de contidos como: os dereitos humanos, o conflito, a violencia de xénero, etc., ao currículo, dado que se entende que a asimilación de conceptos facilita a construción moral e ética da mocidade.

3. Promoción de proxectos e programas de innovación (incentivo económico e/ou acreditación da participación en horas de formación).

4. Revisión do proxecto educativo do centro respecto da presenza de valores como: solidariedade, cooperación, igualdade, xustiza, tolerancia e desenvolvemento sostible.

RESPONSABLES:

1. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Inspección educativa. Equipos directivos dos centros. Comisións de coordinación pedagóxica. Departamentos de orientación dos centros. Claustros do profesorado.

2. Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Subdirección Xeral de Persoal.

3. Centros educativos.

PROCEDIMENTOS:

1. Solicitar dos centros que, na Programación Xeral Anual incorporen obxectivos referidos aos aspectos do proxecto curricular do centro e do plan de acción tutorial que pretenden mellorar e nos que se van centrar ao longo do curso. Incorporación das novidades á memoria anual. Análise das principais modificacións incorporadas polos centros por parte da inspección educativa, mediante o establecemento dunha mostra significativa. Obtención de conclusións. Elaboración dun informe e difusión do mesmo aos membros da comunidade educativa con responsabilidades neste tema.

Indicacións, na circular anual de orientación, para que os servizos de orientación atendan, prioritariamente, ao asesoramento respecto dos aspectos do proxecto curricular do centro e do plan de acción tutorial establecidos como de revisión prioritaria para o curso correspondente.

2. O establecido con carácter xeral para a revisión do Proxecto Educativo do Centro.

7.5. QUINTA MEDIDA: *Papel dos servizos de orientación*

7.5.1. Dinamización das medidas curriculares e organizativas de atención á diversidade

Enténdese como o conxunto de medidas que favorecen a atención ás necesidades educativas de cada individuo en particular, dentro do respecto aos principios de comprensividade e equidade. Tamén se busca a redución do fracaso escolar, factor en relación directa cos problemas de convivencia.

ACTUACIÓNS:

1. Revisión das medidas organizativas e curriculares establecidas polo centro co fin de optimizalas, con especial atención a:

- Garantir a atención á diversidade da totalidade do alumnado.
- O disposto con respecto ás medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: establecemento de apoios e reforzos; horarios de atención a este alumnado, horarios do profesorado de apoio; deseño, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais; flexibilizacións e outras medidas.
- Revisión, nas reunións dos equipos docentes e de nivel, de aspectos comúns como: coordinación dos contidos que se imparten; aspectos metodolóxicos; xestión de aula; axuste dos criterios de avaliación, cualificación e promoción.
- Establecemento dun plan de acollida en todos os centros educativos referido ás distintas etapas, no que se pauten as actuacións a desenvolver por parte do centro respecto do alumnado e profesorado de nova incorporación.
- Establecemento de canles de comunicación máis fluídas co contorno do centro: concello, servizos sanitarios e sociais, etc.
- O fomento da autoestima, das relacións internas da comunidade educativa e do sentimento de integración e de pertenza ao centro, con actividades lúdicas nas que participe a comunidade educativa, definindo e avaliando o grao de aceptación que estas medidas de participación teñen cara ao alumnado e as familias.

2. Promoción de accións tendentes á redución do fracaso escolar, coa participación dos centros en programas de diversa índole.

3. Criterios flexibles para a dotación do profesorado de apoio nos centros educativos.

RESPONSABLES:

1. Equipos directivos dos centros educativos. Equipos docentes. Claustros do profesorado. Departamentos de orientación. Inspección educativa.

2. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Centros educativos no seu conxunto.

3. Subdirección Xeral de Persoal.

PROCEDEMENTOS:

1. Revisión do proxecto educativo.

2. Convocatoria pública de programas de mellora da calidade da educación por parte da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación.

3. Adecuación dos criterios de adxudicación do profesorado aos centros.

7.5.2 Os servizos de orientación

Enténdese que os servizos de orientación, tanto os internos dos centros educativos (departamentos de orientación) como os externos (equipos de orientación específicos), teñen un papel relevante na contribución á mellora da convivencia escolar.

ACTUACIÓNS:

1. Definición dunha liña de traballo na circular anual de orientación, pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións dos servizos de orientación, en que se establezan as accións prioritarias para o correspondente curso escolar referidas á convivencia nos centros educativos, en concreto:

- Prestar asesoramento aos equipos directivos e aos claustros no deseño, seguimento e avaliación do Plan de Convivencia do propio centro.
- Colaborar na recollida e análise de datos que poñan de manifesto a realidade do centro no que se refire á convivencia, de tal xeito que sirvan como punto de partida para a elaboración do plan e demais actuacións.
- Colaborar na dinamización do centro no que se refira á experimentación e innovación de proxectos relacionados coa convivencia e a educación en valores en xeral.
- Proponer iniciativas que supoñan unha optimización dos recursos humanos e materiais dos centros no que se refire aos apoios e reforzos educativos de cara a avanzar na prevención de problemas de aprendizaxe e na superación do fracaso escolar.

2. Establecemento, na dita circular, dunha segunda liña prioritaria referida ao apoio técnico que o departamento de orientación dos centros educativos debe prestarlle ao plan de acción tutorial, concretamente:

- Asesorando ao profesorado tutor e dando respostas ás súas demandas e necesidades.
- Prestando apoio e materiais específicos para desenvolver as liñas de traballo referidas á convivencia e que se detallan no Plan de Acción Tutorial do centro.

3. Reforzo e/ou optimización dos servizos de orientación, tanto no que se refire aos departamentos de orientación dos centros como aos equipos de orientación específicos.

RESPONSABLES:

1. Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

2. Departamentos de orientación dos centros educativos. Equipos de orientación específicos.

3. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

PROCEDEMENTOS:

1. Elaboración da circular de orientación académica e profesional nos meses de xuño/xullo. Envío aos centros e equipos de orientación específicos a primeiros do mes de setembro. Desenvolvemento das liñas de actuación prioritarias nos plans dos departamentos de orientación.

2. Análise das necesidades do profesorado tutor e demais profesorado do centro en relación ao desenvolvemento da acción tutorial e no que se refire ao tema que nos ocupa. Asesoramento aos equipos e ao profesorado individual. Elaboración dun banco de recursos materiais de apoio: páxinas web, materiais impresos, experiencias de centros, etc., que estean a disposición permanente do profesorado do centro para a súa consulta.

3. Actualización e análise da situación da rede de orientación na comunidade. Establecemento de prioridades segundo as zonas. Ampliación do número de departamentos de orientación segundo o establecido no punto 3 das actuacións.

7.5.3. Equipos de Orientación Específicos

Ademais do indicado no referido aos servizos de orientación no seu conxunto, enténdese que existen profesionais nos equipos de orientación específicos que deben desenvolver un papel moi importante no que se refire á mellora da convivencia dos centros educativos: falamos da persoa especialista en trastornos de conduta e do traballador/a ou educador/a social.

ACTUACIÓNS:

1. Elaborar directrices para o traballo interdisciplinar das persoas especialistas en trastornos de conduta e traballo social dos equipos de orientación específicos.

2. Prestar asesoramento e apoio ao labor dos centros educativos a través dos departamentos de orientación, os equipos directivos e os equipos docentes:

- Asesorando ao profesorado titor e dando respostas ás súas demandas e necesidades.
- Prestando apoio e materiais específicos para desenvolver as liñas de traballo referidas á convivencia e que se detallan no plan de acción tutorial do centro.

3. Valorar a pertinencia dun segundo especialista de trastornos de conduta naquelas provincias onde sexa necesario, segundo estudo das demandas.

4. Valorar a cobertura das prazas de traballador/a ou educador/a social que estean vacantes nos equipos de orientación específicos.

RESPONSABLES:

1. Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Inspector/a coordinador/a dos equipos de orientación específicos de cada provincia. Especialistas dos ámbitos correspondentes destes equipos.

2. Equipos de orientación específicos.

3. Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Subdirección Xeral de Persoal.

PROCEDEMENTOS:

1. Propostas de liñas de traballo conxuntas polas partes implicadas. Revisión e elaboración das mesmas. Envío aos equipos de orientación específicos a principio de cada curso.

2. Análise das necesidades do profesorado tutor e demais profesorado do centro en relación ao desenvolvemento da acción tutorial e no que se refire ao tema que nos ocupa. Asesoramento aos equipos dos centros e ao profesorado individual. Elaboración dun banco de recursos materiais de apoio: páxinas web, materiais impresos, experiencias de centros, etc.

3. Análise das demandas de cada especialista nas diferentes provincias. Informe e valoración do inspector/a coordinador/a dos equipos.

4. Proposta xustificada da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Valoración da viabilidade da proposta por parte da Subdirección Xeral de Persoal.

7.6. SEXTA MEDIDA: A inspección educativa

7.6.1. Plan Xeral de Inspección Educativa

Enténdese como o instrumento que lle dá coherencia ás actuacións do colectivo e marca as directrices prioritarias de traballo para o curso escolar.

ACTUACIÓNS:

1. Establecemento, no Plan Xeral de Inspección e dentro das súas liñas prioritarias, de actuacións referidas aos temas de convivencia.
2. Asesoramento e supervisión dos regulamentos de réxime interior e dos plans de acción titorial dos centros educativos, para a súa optimización.
3. Orientación e asesoramento a aqueles centros que, polas súas características particulares, corran máis riscos de presentar problemas de convivencia.
4. Presenza activa e apoio directo nos casos concretos de vulneración grave da convivencia.

RESPONSABLES:

1. Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.
2. Inspección Educativa Provincial.

PROCEDEMENTOS:

1. Establecemento das liñas prioritarias para o plan anual referidas á convivencia.
2. Actuacións das persoas inspectoras de educación nos centros educativos.

7.7. SÉTIMA MEDIDA: A formación do profesorado

7.7.1. A formación inicial

A formación inicial do profesorado enténdese como a base da súa capacitación profesional e da adquisición dun determinado estilo docente. Debe, polo tanto, estar constantemente actualizada para dar resposta ás necesidades do sistema educativo e da sociedade en xeral.

ACTUACIÓNS:

1. Análise dos plans de estudo das diplomaturas de mestres e mestras da Facultade de Ciencias da Educación, baixo a perspectiva do tema da convivencia así como do Máster en Formación do Profesorado de Educación Secundaria.

2. Proposta de inclusión de contidos referidos á prevención, detección e resolución de conflitos e de saúde mental, que capaciten aos futuros profesionais para dar resposta a esta problemática.

RESPONSABLES:

1. Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia. Observatorio Galego da Convivencia Escolar. Universidades da Comunidade Autónoma.

PROCEDEMENTO:

1. Análise dos plans de estudo e dos programas por parte do Observatorio. Elaboración de propostas de mellora. Elaboración de recomendacións para a reforma dos plans de estudo e do Máster en Formación do Profesorado de Educación Secundaria.

7.7.2. A formación permanente

Enténdese como un elemento fundamental para a calidade do sistema educativo. É un dereito e un deber de todo o profesorado.

ACTUACIÓNS:

1. Introducción de módulos formativos en actividades dirixidas a diferentes colectivos do mundo educativo: equipos directivos; titores e titoras; profesionais da orientación; persoas asesoras de formación; inspección educativa; profesorado de área (módulos nos cursos específicos de área) e profesorado en xeral (sobre habilidades sociais e de comunicación, resolución de conflitos, traballo cooperativo, mediación escolar, intelixencia afectivo-emocional, educación en valores, etc).

2. Oferta de formación contextualizada no propio centro: cursos, proxectos de formación e asesoramento en centros, grupos de traballo e seminarios permanentes.

3. Oferta de actividades formativas (xornadas, encontros, congresos) para difusión e intercambio de experiencias de boas prácticas educativas.

4. Posibilidade de que os centros deseñen, en función das súas necesidades e coa colaboración das estruturas de formación da Consellería, itinerarios formativos a prazo máis longo dun curso escolar.

RESPONSABLES:

1.- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través do Servizo de Formación do Profesorado e dos Centros de Formación e Recursos.

2.- Responsables da formación dos centros educativos.

PROCEDEMENTOS:

1.- Análise das necesidades por parte dos responsables da formación permanente. Elaboración de plans anuais de formación do profesorado.

2.- Facilitar e incentivar a realización de diversas modalidades de formación nos propios centros educativos: cursos, encontros, xornadas, proxectos de formación, grupos de traballo e seminarios permanentes.

3.- Análise das necesidades formativas do profesorado en cada centro escolar.

7.8. OITAVA MEDIDA: Proxectos de innovación educativa

Considéranse como un incentivo das accións individuais do profesorado e dos centros educativos no seu conxunto, para promover a experimentación, a investigación e a innovación arredor do tema da convivencia.

ACTUACIÓN:

1. Convocatoria de proxectos e premios de innovación dirixidos aos centros educativos, co fin de incentivar e recoñecer as boas prácticas educativas neste tema.

RESPONSABLES:

1. Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

PROCEDIMENTO:

1. Establecemento, dentro do plan VALORA da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dunha liña de premios dirixidos á promoción da mellora da convivencia nos centros.

7.9. NOVENA MEDIDA: Colaboración coas familias

Enténdese que as familias son o referente principal na educación dos seus fillos e fillas. Nun mundo cada vez máis complexo, cómpre que principios educativos elementais sexan coherentes entre familia e escola.

ACTUACIÓNS:

1. Propiciar e incentivar a participación e a colaboración das familias na vida do centro e nas actuacións concretas referidas á convivencia, especialmente mediante as escolas de pais e nais e a participación activa nas asociacións de nais e pais.

2. Establecemento de mecanismos áxiles de cambio de centro educativo para aqueles nenos e nenas implicados en situacións de maltrato, cando a medida sexa considerada como idónea.

RESPONSABLES:

1. Equipos directivos dos centros educativos. Consello escolar dos mesmos. Asociacións de pais e nais dos centros.

2. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

PROCEDEMENTOS:

1. Promoción e dinamización das escolas de pais e nais que se organizan nos diferentes concellos. Celebración de encontros ou actividades organizadas polas institucións e dirixidas a nais e pais.

2. Establecemento do protocolo para a escolarización inmediata dos nenos e nenas que se vexan afectados por cambios de centro derivados de situacións graves de maltrato entre iguais.

7.10 DÉCIMA MEDIDA: materiais, programas e recursos

A difusión de experiencias, programas e materiais ten un indubidable valor exemplificador que pode facilitar o labor da comunidade educativa.

ACTUACIÓN:

1. Propiciar a creación dun banco de recursos con espazos e medios para a difusión daqueles programas e materiais que poidan resultar de interese para a comunidade educativa. Difusión dos materiais producidos.

RESPONSABLES:

1. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

PROCEDIMENTO:

1. Difusión mediante o portal educativo e medios impresos, segundo o caso.

7.11. DÉCIMO PRIMEIRA MEDIDA: Recomendacións

Enténdese que consideracións recollidas polo Observatorio Galego da Convivencia Escolar ao través dos diferentes informes e demais fontes de datos que manexa poden tomar forma de recomendacións de boas prácticas a distintas instancias e institucións.

ACTUACIÓN:

1. Difusión de principios e pautas de comportamento dirixidas a diferentes sectores sociais (familias, medios de comunicación, publicistas, empresariado, etc.) encamiñadas a propiciar un clima favorable para a convivencia.

RESPONSABLES:

1. Observatorio Galego da Convivencia Escolar.

PROCEDIMENTO:

1. Elaboración, por parte da comisión permanente do Observatorio e/ou das mesas técnicas, das recomendacións aos diferentes organismos.

7.12. DÉCIMO SEGUNDA MEDIDA: Sensibilización da poboación en xeral

É consecuencia do feito de que educar para a convivencia non constitúe unha tarefa exclusiva da escola e do profesorado, e de que as alteracións da convivencia non se dan só no ámbito escolar.

ACTUACIÓNS:

1. Realización de accións divulgativas que promovan o compromiso e a sensibilidade da sociedade en xeral.
2. Difusión das boas prácticas educativas relacionadas coa mellora da convivencia e a promoción da tolerancia nos centros educativos, co obxectivo de acadar unha mellor valoración pública do feito educativo.

RESPONSABLES:

1. Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

PROCEDEMENTOS:

1. Organización de campañas de sensibilización en colaboración cos concellos, organizacións non gobernamentais e asociacións culturais e humanitarias.
2. Publicación e espallamento en revistas, portal educativo, medios de comunicación, etc., das actuacións innovadoras ou valiosas neste terreo.



8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

O seguimento e avaliación do presente plan realizarase ao longo do vindeiro curso 2007/2008 e nos cursos seguintes.

Ao remate de cada ano académico farase unha avaliación do nivel de consecución das medidas propostas no presente plan.

Corresponderalle ao Observatorio Galego da Convivencia Escolar recadar, das distintas instancias ou responsables das diferentes medidas descritas no plan, os informes e datos que permitan valorar a marcha do proxecto, e propoñer, se cómpre, as modificacións ou medidas oportunas para a súa maior eficacia.

A avaliación realizarase en base a indicadores tanto cuantitativos como cualitativos, de tal xeito que, xunto cos datos obxectivos, queden recollidos os aspectos referidos á calidade e efectividade das intervencións.

A valoración global das accións realizadas reflectirase nunha memoria final, na que se indicará: o nivel de consecución dos obxectivos previstos, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse en posteriores plans.

9.-RECURSOS

9.1. PÁXINA WEB DO PLAN GALEGO DA CONVIVENCIA ESCOLAR DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



9.2 PORTAIS EDUCATIVOS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA : Portal de convivencia.

<http://www.convivencia.mec.es/>

MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES : Observatorio de la infancia.

<http://www.mtas.es/SGAS/FamiliaInfanc/infancia/Observatorio/ObsInfancia.htm>

ANDALUCÍA: “Observatorio de la infancia en Andalucía”.

<http://www.juntadeandalucia.es/observatoriodelainfancia/oia/esp/index.aspx>

ANDALUCÍA: “Educación para la convivencia y la paz “.

http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos/educacion_paz.php3

ARAGÓN: “Cuento Contigo” Portal de convivencia.

<http://catedu.es/convivencia/>

ASTURIAS: Documentación sobre acoso escolar.

<http://www.educastur.princast.es/recursos/diversidad/acoso/>

ASTURIAS: “Observatorio de la Infancia y la Adolescencia”.

<http://www.graficosweb.com/observatorio/>

BALEARES: “Observatori per a la Convivència Escolar”.

<http://www.observatoriconvivenciaescolar.es/>

CANARIAS: Portal educativo

<http://www.educa.rcanaria.es/>

CANTABRIA: “Observatorio para la convivencia escolar”

<http://www.educantabria.es/portal/>

CASTILLA-LA MANCHA : “Convivencia escolar”.

<http://www.jccm.es/educacion/valores/construir/convivencia.html>

CASTILLA-LEÓN : “Convivencia y conflicto”.

<http://www.educa.jcyl.es>

CATALUÑA : “Unitat de Suport a la Convivència Escolar “.

<http://www.xtec.net/innovacio/convivencia/usce.htm>

MURCIA: “Convivencia escolar”.

<http://www.carm.es/educacion>

EXTREMADURA: “Si te molestan, no calles”.

<http://www.educarex.es/acosoescolar/>

MADRID: “Anti-Bullying”.

<http://www.acosoescolar.info/index.htm>

LA RIOJA: “Convivencia escolar y atención a casos de acoso escolar “.

http://www.educarioja.org/educarioja/html/alm/acoso_escolar.html

NAVARRA: “Bullying. Quítate la venda”. Asesoría de convivencia.

<http://www.pnte.cfnavarra.es/convive/>

PAÍS VASCO: “www.ikasle.net”.

<http://www.ikasle.net>

VALENCIA: “Orientados”.

<http://www.cult.gva.es/orientados/>

9.3. OUTROS PORTAIS

Seminario Galego de Educación para a Paz: Fundación Cultura de Paz.

<http://www.sgep.org/>

Proxecto Atlántida: Educación e culturas democráticas.

<http://www.proyecto-atlantida.org/>

Cruz Roja Juventud : Páxina da mocidade da Cruz Vermella.

<http://www.cruzrojajuventud.org/>

Educación en valores : Convivencia.

<http://www.educacionenvalores.org/>

Orientaeduc.com : Convivencia escolar.

<http://www.orientaeduc.com/convivencia-escolar>

Enrédate con UNICEF: Violencia escolar

<http://www.enredate.org/>

Maltrato entre alumnos: Bullying

<http://www.xtec.es/~jcollell/index.htm>

Visionary: Violencia escolar e Bullying.

<http://www.bullying-in-school.info/es/content/home.html>

Centro Reina Sofía: Centro Reina Sofía para el estudio de la violencia.

<http://www.gva.es/violencia/>

10. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- Ángel Panego, J., *Cómo podemos educar en valores*, Madrid, CCS, 1999.
- Alzate, R., *Análisis y resolución de conflictos. Una perspectiva psicológica*, Bilbao, Universidad del País Vasco, 1998.
- Armas Castro, M., *Alumnado con problemas de conducta*, Santiago de Compostela, Consellería de Educación, Xunta de Galicia, 2005.
- Armas Castro, M. e Armas Barbazán, C., *Violencia escolar (12-16 anos)*, Vigo, Nova Galicia Edicións, 2005, (Versión en galego e castelán).
- Armas Castro, M. e Armas Barbazán, C., *Violencia escolar (8-11 anos)*, Vigo, Nova Galicia Edicións, 2006, (Versión en galego, castelán e inglés).
- Armas Castro, M., *Cómo prevenir e intervenir en conflictos y problemas de conducta*, Madrid, Praxis, 2006.
- Arrieta, L. e Moresco, M., *Educación desde el conflicto. Chicos que molestan*, Madrid, CCS, 1992.
- Bolívar, A., *La evaluación de valores y actitudes*, Madrid, Anaya, 1995.
- Boqué Torremorell, M.C., *Guía de mediación escolar. Programa comprensivo de actividades de 6 a 16 años*, Barcelona, Octaedro_Rosa Sensat, 2002.
- Boqué Torremorell, M.C., *Tiempo de mediación. Taller de formación de mediadores y mediadoras en el ámbito educativo*. Barcelona, CEAC, 2005.
- Brandoni, F., *Mediación escolar. Propuestas, reflexiones y experiencias*, Buenos Aires, Paidós, 1999 (Incluye un vídeo).
- Burguet, M., *El educador como gestor de conflictos*, Bilbao, Desclee de Brouwer, 1999.
- Buxarrais, M^a.R., *La formación del profesorado en la educación en valores*, Bilbao, Desclee de Brouwer, 1999.
- Camps, V., *Los valores de la educación*, Madrid, Alauda/Anaya, 1994.
- Carrascosa, M^a J. e Martínez Mut, B., *Cómo prevenir la indisciplina*, Madrid, Escuela Española, 1998.
- Carreras, LL. e outros, *Cómo educar en valores*, Madrid, Narcea, 1995.
- Casamayor, G. e outros, *Cómo dar respuesta a los conflictos. La disciplina en la enseñanza secundaria*, Barcelona, Graó, 1998.

- Cascón, P. e González, M., *Vivamos la diversidad*, Madrid, Los libros de la Catarata, 1998.
- Cerezo Ramírez, F., *Conductas agresivas en la edad escolar: Aproximación teórica e metodológica. Propostas de intervención*, Madrid, Pirámide/Anaya, 2002.
- Colectivo Amani, *Educación intercultural. Análisis y resolución de conflictos*, Madrid, Popular, 1994.
- Cornelius, H., *Tú ganas. Yo gano*. Madrid, Gaia, 1995.
- Cornelius, H. e Faire, S., *Tú ganas y yo gano. Cómo resolver conflictos creativamente y disfrutar con las soluciones*, Madrid, Gaia, 1995.
- Cortina, A., Puig, J. e Martín, X., “Resolución de conflictos”. *Cuadernos de Pedagogía*. 257 abril – 1997.
- Crary, E., *Crece sin peleas. Cómo enseñar a los niños a resolver conflictos con inteligencia emocional*, Barcelona, RBA, (Col. Los Libros de Integral), 1998.
- Díaz Aguado, M^a J., *Programas de Educación para la tolerancia y prevención de la violencia en los jóvenes*, Madrid, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, 1996.
- Díaz Aguado, M^a J., *Escuela y tolerancia*, Madrid, Pirámide, 1996.
- Dios Diz, M., *Cine para convivir*, SGEP, A Coruña, Toxosoutos, 2001.
- Dios Diz, M., *Educar para a Paz, globalmente. Memoria dunha experiencia educativa*, Toxosoutos, A Coruña, 2002.
- Dios Diz, M., *Sobre a violencia nos medios de comunicación: unha educación necesaria*, SGEP, 2002.
- Dios Diz, M., *Educar nos afectos, frear a violencia*, Santiago de Compostela, SGEP, 2004.
- Fisas, V., *Cultura de paz y gestión de conflicto*, Barcelona, Icaria, 1998.
- Fisher, R. e Ury, W., *Obtenga el sí o el arte de negociar sin ceder*, Barcelona, Gestión, 1997.
- Galtung, J., *Sobre la Paz*, Barcelona, Fontamara, 1985.
- Galtung, J., *Tras la violencia, 3R: reconstrucción, reconciliación, resolución*, Bilbao, Bakeaz-Gernika Gogoratuz, 1998.
- García Correa, A., “La disciplina escolar: el gran reto del siglo XXI”, *Escuela Española*, 3268 (29 -II- 96), 1996.
- García Correa, A., “Una escuela pacífica para una cultura de paz”, *Escuela Española*, 3380 (1-X- 98), 1998.

- García Moriyón, F., *Derechos humanos y educación*, Madrid, Ediciones de la Torre, 1999.
- Gardner, H., *Las cinco mentes del futuro*, Barcelona, Paidós, 2005.
- Girard, K. e Koch, S., *Resolución de conflictos en las escuelas, Manual para educadores*. Barcelona, Granica, 1997.
- Goleman, D., *Inteligencia emocional*, Barcelona, Cairos, 1996.
- González Lucini, F., *Temas transversales y educación en valores*, Madrid, Anaya, 1994.
- Gotzens, C., *La disciplina escolar*, Barcelona, Horsori/ICE de la Universidad de Barcelona, 1997.
- Guarro Pallás, A., *Currículum y democracia. Por un cambio de la cultura escolar*, Barcelona, Octaedro, 2002.
- Imbernón, F., *Cinco ciudadanías para una nueva educación*, Barcelona, Graó, 2002.
- Iglesias Díaz, C., *Educación para la Paz desde el conflicto*, Noia - A Coruña, Toxosoutos, 1999.
- Iglesias Díaz, C., *Educación para la Paz desde el conflicto*, SGEP, Noia - A Coruña, Toxosoutos 1999.
- Iglesias Díaz, C., *Destruir la guerra y construir la paz*, Noia - A Coruña, Toxosoutos, 2001.
- Iglesias Díaz, C., *Frente a la guerra y la violencia, construyamos la paz*, Santiago de Compostela, Lúdica 7, 2002.
- Iglesias Díaz, C., *Educación pacificando. Una pedagogía de los conflictos*, Madrid, Fundación Cultura de Paz, 2006.
- Iglesias Díaz, C., *Historia das relixións* (1º, 2º, 3º e 4º de ESO), Santiago de Compostela, Lúdica 7, 2006.
- Jares, X.R., *Educación para la paz. Su teoría y su práctica*, Madrid, Popular, 1991.
- Jares, X.R., *Educación y derechos humanos. Estrategias didácticas y organizativas*, Madrid, Popular, 1999.
- Jares, X.R., *Educación y conflicto*, Madrid, Popular, 2000.
- Jares, X.R., *Aprender a convivir*, Vigo, Xerais, 2001.
- Jares, X.R., *Educación y conflicto. Guía de educación para la convivencia*, Madrid, Popular, 2001.
- Jares, X.R., *Educación para la paz en tiempos difíciles*, Bilbao, Bakeaz, 2004.

- Jares, X.R., *Educación para la verdad y la esperanza*, Madrid, Popular, 2005.
- Jares, X.R., *Pedagogía de la convivencia*, Barcelona, Graó, 2006.
- Johnson, D. e Johnson, R., *Cómo reducir la violencia en las escuelas*, Buenos Aires, Paidós (col. Paidós educador), 1999.
- Judson, E., *Aprendiendo a resolver conflictos en la infancia. Manual de la educación para la paz y la no violencia*, Madrid, La Catarata, 2000.
- Lederach, J.P., *ABC de la paz y los conflictos*, Madrid, La Catarata, 2000.
- Lozano Paz, M., *Sobre a solidariedade*, Noia – A Coruña, Toxosoutos, 1999.
- Lozano Paz, M., *Sobre o ecopacifismo*, Noia – A Coruña, Toxosoutos, 2000.
- Lozano Paz, M., *Sobre a liberdade*, Santiago de Compostela, Lúdica 7, 2003.
- Lucini, F., *Sueño, luego existo. Reflexiones para una pedagogía de la esperanza*, Madrid, Alauda-Anaya, 1996.
- Lucini, F., *Temas transversales y educación en valores*, Madrid, Alauda-Anaya, 1999.
- Lucini, F., *La educación como tarea humanizadora. De la teoría pedagógica a la práctica educativa*, Madrid, Anaya, 2001.
- Marín Ibáñez, R., *Los valores, un desafío permanente*, Madrid, Cincel, 1993.
- Marín Sánchez, M. e outros, *Sociedad y Educación*, Madrid, Eudema, 1996.
- Marina, J.A., *Aprender a vivir*, Barcelona, Ariel, 2004.
- Martineaud, S. e Engelhart, D., *El test de la inteligencia emocional. Como averiguar tu coeficiente emocional, la base de la inteligencia*, Barcelona, Ediciones MR, 2002.
- Martínez, M., *El contrato moral del profesorado. Condiciones para una nueva escuela*, Bilbao, Desclée de Brouwer, 1998.
- Maslow, A., *El hombre autorrealizado*. Barcelona, Cairós, 1991.
- Mayor Zaragoza, F., *Una cultura de paz. V Jornadas Internacionales de Cultura y Paz de Guernica*, Bilbao, 1997.
- Mayor Zaragoza, F., *Un mundo nuevo*, Barcelona, Galaxia Gutenberg, Ediciones UNESCO, 2000.
- Mir, C., (Coord.), *Cooperar en la escuela. La responsabilidad de educar para la democracia*, Barcelona, Graó, 1998.

- Moreno, A., *La otra política de Aristóteles*, Barcelona, Icaria, 1998.
- Morín, E., *Los siete saberes básicos para la educación del futuro*, UNESCO, 1999
- Muñoz Redon, J. (Coord.), *La bolsa de los valores. Materiales para una ética ciudadana*, Barcelona, Ariel, 1998.
- Oliveira, M., *La educación sentimental*, Barcelona, Icaria, 1998.
- Olweus, D., *Conductas de acoso y amenaza entre escolares*, Madrid, Morata, 1998.
- Ortega, R. e outros, *La convivencia escolar: qué es y cómo abordarla*. Consejería de Educación y Ciencia. Junta de Andalucía. 1998
- Ortega Ruiz, R., *La convivencia escolar: qué es y cómo abordarla*, Sevilla, Junta de Andalucía, 1998.
- Ortega Ruiz, R., *Educación la convivencia para prevenir la violencia*, Madrid, Machado Libros, 2000.
- Pascual, A., *Clarificación de valores y desarrollo humano. Estrategias para la escuela*, Madrid, Narcea, 1995.
- Payá Sánchez, M., *Educación en valores para una sociedad abierta y plural*, Bilbao, Desclée de Brouwer, 1999.
- Pérez Delgado, E. e Mestre Escrivá, M.V., *Psicología moral y crecimiento personal*, Barcelona, Ariel, 1999.
- Porro, B., *La resolución de conflictos en el aula*, Buenos Aires, Paidós, 1999.
- Programa de sensibilización sobre o maltrato entre iguais*, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2005.
- Puig Rovira, J.M., *La construcción de la personalidad moral*, Barcelona, Paidós, Papeles de Pedagogía, 1996.
- Puig Rovira, J.M. e Martín García, X., *La educación moral en la escuela*, Barcelona, Edebé, 1998.
- Sánchez Rodríguez, R., *Sobre a violencia contra a muller*, Santiago de Compostela, Lúdica 7, 2002.
- Sáez, P., *Las claves de los conflictos*, Madrid, Fundación Hogar del Empleado, CIP, Madrid, 1996.
- Savater, F., *El valor de educar*, Barcelona, Ariel, 1997.

- Sebreli, J.J., *El asedio a la modernidad*, Barcelona, Ariel, 1992.
- Sedupaz, *Educación para la Paz una propuesta posible*, Madrid, los Libros de la Catarata, 1994.
- Sedupaz, *Educación en y para los derechos humanos*, Madrid, los Libros de la Catarata, 1996.
- Segura, M., *Enseñar a convivir no es tan difícil. Para quienes no saben qué hacer con sus hijos o con sus alumnos*, Bilbao, Desclée de Brouwe, 2005.
- Seminario Galego de Educación para a Paz, *En Son de Paz*, Noia-A Coruña, Toxosoutos, 1996.
- Seminario Galego de Educación para a Paz, *A tolerancia*, Noia-A Coruña, Toxosoutos, 1998.
- Seminario Galego de Educación para a Paz, *Minilibro sobre os dereitos humanos e a Convención dos dereitos de nenos e nenas*, Noia-A Coruña, Toxosoutos, 2000.
- Seminario Galego de Educación para a Paz, *Programa para a Paz e a Xustiza para o século XXI*, Noia-A Coruña, Toxosoutos, 2000.
- Seminario Galego de Educación para a Paz, *Educación para desaprender la violencia*, Madrid, Los libros de la Catarata, 2006.
- Seminario Galego de Educación para a Paz, *Educación emocional y violencia contra la mujer*, Madrid, los libros de la Catarata, 2006.
- Suckling A., e Temple, C., *Herramientas contra el acoso escolar. Un enfoque integral*, Madrid, Morata, 2006.
- Torrego e outros, *Mediación de conflictos en instituciones educativas*, Madrid, Narcea, 2000.
- Torrego, J.C., *Mediación de conflictos en instituciones educativas. Manual para la formación de mediadores*, Madrid, Narcea, 2000.
- Torrego, J.C., e Moreno, J.M., *Convivencia y disciplina en la escuela. El aprendizaje de la democracia*, Madrid, Alianza ensayo, 2003.
- Torres Santomé, J., *El currículo oculto*, Madrid, Morata, 1991.
- Trigo Martínez, L.X., *Gandhi. Vida, obra e pensamento*, SGP, Noia-A Coruña, Toxosoutos, 1998.
- UNESCO, *La tolerancia, umbral de la paz. Guía práctica de Educación para la Paz*, 1994.

- Vaello Orts, J., *Resolución de conflictos en el aula*, Madrid, Santillana, 2005.
- Vaello Orts, J., *Las habilidades sociales en el aula*, Madrid, Santillana, 2005.
- Valero Iglesias, L.F., *Aproximación a unha educación en valores*, Barcelona, PPU, 1992.
- VV.AA., *Educando para la Paz. Nuevas propuestas*, Granada, Eirene, Universidad de Granada, 1994.
- VV.AA., *La educación moral en Primaria y Secundaria*, Madrid, Luis Vives, 1997.
- VV.AA., *La educación moral según Lawrence Kohlberg*, Barcelona, Gedisa, 1997.
- VV.AA., *Ética docente*, Barcelona, Ariel, 1998.

